



CONCELLO DE MONTERROSO



BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE MONTERROSO.

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presents bases a contratación de personal laboral temporal que seguidamente se relaciona, segundo subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da orde do 9 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvenciones dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusion social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2017.

Ocupación: PEÓN MANTEMENTO E LIMPEZA VIARIA E INSTALACIONS MUNICIPAIS.

Nº postos: 2

Servizo: Mantemento e limpeza viaria e instalacions municipais

Duración do contrato: 7 meses

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, coas seguintes características:

Duración contrato: 7 meses

Tipo de xornada: 75%

Retribucións: Soldo base: 602,64; paga extra: 100,44

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos sera necesario reunir os seguintes requisitos:



CONCELLO DE MONTERROSO



- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respect do acceso ao emprego publico de nacionais doutros estados.
- b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria establezca como minima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como maxima para o ingreso.
- d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).
- e) Figurar na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina de Emprego de Chantada.
- f) Ser perceptores/as de Risga e estar inscritos no Servizo Público de Emprego como persoas demandantes non ocupadas.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo presentándose unha oferta específica do programa de contratación de beneficiaries/as do Risga, nas oficinas do Servizo Público de Emprego. O procedemento de selección realizarase tal e como esixe o artigo 12 da Orde do 9 maio de 2017 e polo sistema de concurso de méritos.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboeiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es).



CONCELLO DE MONTERROSO



QUINTA. Tribunal cualificador

A selección de traballadores e traballadoras que se contraten sera realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do Concello de Monterroso e dos equipos de inclusion sociolaboral dependents do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

SEXTA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes sexa o concurso de méritos.

MÉRITOS

Terán preferencia, en todo caso, as perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares, segundo se describe no artigo 12 da Orde do 9 de maio de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Esta preferencia sera valorada ata un máximo de 6 puntos:

- 1.- Persoas percetoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 3 puntos.
- 2.- Persoas maiores de 45 anos: 1 punto.
- 3.- Cargas familiares: existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada: o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte seis anos ou maiores con discapacidade. A puntuación sera de 0.50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos. (Acreditarase con libro de familia, certificado convivencia, etc.)

Desemprego:

- 0,10 puntos por cada mes completo en situación desemprego, ata un máximo de 2 puntos.

Experiencia Laboral (Máximo 6 puntos)

- Por mes traballado na Administración Pública en igual posto ou similar: 0,15 puntos, ata un máximo de 4 puntos.
- Por mes traballado en empresa pública ou privada, cando sexan por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, ata un máximo de 2 puntos.



CONCELLO DE MONTERROSO



Formación (Máximo 2 puntos):

Cursos, seminarios, congresos, xornadas ou similares impartidos por organismos públicos e/o oficiais, e organismos privados, relacionado co posto a desempeñar:

- 1.a) Cursos de máis de 200 horas: 1 punto
- 1.b) Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- 1.c) Cursos de 71 a 100 horas: 0,50 puntos.
- 1.d) Cursos de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.
- 1.e) Cursos que 15 a 39 horas: 0,20 puntos.
- 1.f) Cursos de menos de 15 horas: 0,10 puntos.
- 1.g) Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

Por ter realizados os cursos de galego (Máximo 3 puntos).

- 1) Curso de iniciación ou curso de Celga 3: 1 punto
- 2) Curso de perfeccionamento ou curso de Celga 4: 2 puntos

SÉTIMA.- Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.monterroso.es; os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán



CONCELLO DE MONTERROSO



anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

OITAVA.- Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido Lei 39/2015, de 1 de outubro, del *Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es), ante o alcalde do Concello de Monterroso, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del *Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de



CONCELLO DE MONTERROSO



marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

En Monterroso a 4 de outubro de 2017